



# **Hábitos culturais dos mozos en Galicia**

OBSERVATORIO DA CULTURA GALEGA  
SETEMBRO DE 2010

[www.consellodacultura.org/observatorio](http://www.consellodacultura.org/observatorio)

O obxectivo deste estudo xeral é analizar as argumentacións, orientacións e actitudes da mocidade en relación ao consumo e á práctica cultural, así como ao uso de novas tecnoloxías, formatos e soportes atendendo ao nivel de estudos e aos grupos de idade.

Podemos constatar unhas actitudes bastante uniformes considerando as variables de sexo e idade, con pequenas excepcións. As variables de nivel educativo e hábitat son as que amosan máis varianza pero, en todo caso, obsérvanse tendencias xerais para o conxunto do grupo observado, que ademais coinciden con outras observacións feitas tanto no ámbito estatal coma europeo.

En primeiro lugar, un resultado que resultaba previsible é que a meirande parte da mocidade galega está permanentemente conectada a través das TIC e dispoñible *en liña*<sup>1</sup> unha parte importante do seu tempo de ocio. Esta realidade está tamén a incidir en cuestións como as relacións persoais que manteñen ou o tipo de actividades que realizan dentro e fóra do fogar. O uso das tecnoloxías da información e da comunicación concédennlle aos mozos un papel protagonista ao estaren sempre á vangarda da nova sociedade tecnolóxica. Ademais, detéctase o aumento na personalización dos dispositivos tecnolóxicos que utilizan, como o móbil, a vídeo consola, o ordenador e a conexión a Internet.

Por outra banda, cómpre salientar que a música desempeña un papel esencial na construción da identidade individual e colectiva xa que, na opinión dos suxeitos do estudo, a escoita musical é unha actividade central no seu tempo de lecer. Na prospección cualitativa que nos atinxe obsérvanse dous tipos de prácticas relacionadas coa música:

- a) A música como consumo individual escoitada na casa, na rúa, nos transportes públicos, etc., pero en todo caso sempre de forma individual. Neste caso a música cumpre unha función de identificación e construción persoal moi relevante na mocidade para diferenciarse doutros grupos de poboación. Os gustos musicais van evolucionando a medida que a mocidade vai identificándose con diferentes grupos ou estilos musicais, o cal remarca o valor desta actividade na elaboración dos seus referentes persoais, relacións sociais e identidade.
- b) A música que se escoita fóra da casa, como concertos, festas, que achegan unha experiencia vital ao grupo ou grupos de persoas que están alí presentes. Nalgúns estilos musicais, como o rap, hip hop, música de baile electrónica (dance, house, techno) e metal, a afección e a experiencia vital que van unidos a estes tipos de música conducen a un estilo de vida determinado, cos seus símbolos e linguaxes que os diferencian doutros.

No tocante á televisión ou á radio, estas son actividades que fan moitas veces de maneira non pensada, non expresamente elixida, como poden ir ao cine ou ao teatro, que implica máis volición. Polo tanto, é cuestionable o grao de afección que poida representar, xa que moitas veces se fai de maneira inconsciente, agás determinados programas. Entre os programas de televisión que gozan dunha audiencia xuvenil son as series, os deportes e as películas.

Outro aspecto que cómpre salientar é a lectura. Aínda que poida parecer que a mocidade le menos, pódese dicir que isto non é certo, xa que aínda que len menos no formato tradicional de libros, agás en idade escolar, len moito máis en formato dixital, en internet. As rapazas len máis libros e revistas ca os rapaces, pero os rapaces len máis prensa ca as rapazas, aínda que moitas veces len a prensa (especialmente xornais deportivos) en Internet. Os maiores niveis de lectura asócianse cun estilo de vida urbano e de nivel educativo medio ou alto, agás na prensa deportiva onde o perfil dominante é de baixo nivel educativo. De novo, procedemos a un contraste cuantitativo.

Outro aspecto moi importante, xa mencionado, con respecto á lectura é o acceso ás novas tecnoloxías. Débese analizar o baixo interese pola lectura “tradicional” nun contexto máis amplo desenvolto polos usuarios de novas tecnoloxías da información e da comunicación, xa que podemos afirmar que len máis os que utilizan máis internet, cun nivel educativo máis alto. Das posibilidades que presentan as novas tecnoloxías e o uso que fai destas a mocidade, atopámonos ante unha gran transformación, ampliación e diversificación da súa oferta cultural, no que se valora máis a imaxe, a interacción e a creatividade.

Isto nos leva a outros dous temas clave sobre os hábitos culturais da mocidade, que é o uso de internet. Podemos afirmar que o uso de internet está claramente condicionado pola idade, xa que o acceso entre as persoas novas é inmensamente superior ao dos adultos e está tamén ligado á formación adquirida. As actividades realizadas maioritariamente son a navegación pola web, o envío de correos electrónicos, o uso das redes sociais, pero tamén mencionan o uso de internet para xogos en rede e mesmo apostas.

Noutro apartado importante poderíamos mencionar o cine e a asistencia a eventos de artes escénicas e musicais. En liñas xerais, a opinión case unánime é que o prezo e un factor limitante á hora de asistir a este tipo de actividades, que son consideradas “culturais” no sentido máis tradicional da palabra. Isto non significa que non lles guste pero buscan outras alternativas. Especial é o caso do cine, xa que moitos baixan ilegalmente as películas de internet e as ven na casa, ben sos ou ben cos amigos. Estas opinións gardarían relación co dato de caída xeralizada de espectadores de cine en sala en Galicia (pese ao repunte do último ano de referencia<sup>2</sup>).

Por último, un aspecto mencionado por todos os suxeitos é a relación que establece a mocidade entre a cultura e o deporte. O deporte cumpre a dobre función de desenvolvemento e construción persoal e de interacción cos outros. O deporte ademais ten moitas facetas que abranguen desde a actividade puramente persoal e individual, ata a práctica colectiva ou ben o deporte como espectáculo. As dúas primeiras facetas adquiren un papel máis activo e a terceira enmárcase no ámbito do ocio e a diversión. Os resultados demoscópicos que amosan a preferencia polo deporte dos novos fronte ao total da poboación galega son os seguintes:

A continuación pasaremos a analizar todos os aspectos mencionados polos distintos grupos.

## Concepto de cultura

En xeral, os mozos relacionan cultura con conceptos moi variados: aprendizaxe, comunicación e información, formación, educación ou grao de coñecemento, entre outros, e son conscientes de que o crecemento económico e a sociedade do benestar están estreitamente ligados a un mellor acceso á cultura e proporciona, así mesmo, máis oportunidades para achegarse a esta. Consecuentemente establécese unha corrente recíproca entre o aumento do consumo e o aumento da oferta cultural no sentido máis amplo. Con todo, para eles a parte negativa está no exceso, son moi escrupulosos e críticos co consumismo exacerbado.

Como xa mencionamos, todos os mozos deste estudo independentemente das variables de nivel de estudos, idade e sexo, relacionan estreitamente deporte e cultura; o deporte como unha actividade cultural máis que serve de nexo de unión entre as persoas e propicia a toma de decisións conxunta. Con todo, os mozos no paro, entre 19 e 24 anos, son moi críticos cos excesos económicos que se producen no deporte de competición, un gasto que lles parece desproporcionado.

Para os mozos con estudos universitarios o concepto de cultura está presente na vida dunha persoa dende que comeza o día, en actividades tan básicas como ler un xornal, ver unha película ou escoitar música, pero ademais asocian cultura co ámbito formativo-educativo e familiar. Para eles, son moitos os factores que inflúen na experiencia cultural das persoas: país, colexio, tradición, rúa e ambientes que se frecuentan, sociedade ou calquera outro elemento que forme parte do día a día, todo configura a bagaxe cultural das persoas. Deste xeito, desmárcanse do concepto, para eles máis antigo, de asociar cultura só cos coñecementos científicos, literarios ou artísticos, e valoran outros aspectos como o sociolóxico, familiar, social ou humano.

Todos, en xeral, pensan que a cultura do futuro estará baseada nas novas tecnoloxías, cuxa presenza será total en todos os ámbitos da vida diaria e para a realización da meirande parte das xestións cotiás, como por exemplo a compra de produtos, xestións bancarias, etc.

## Cine

O gusto polo cine e o alto prezo da entrada ás salas son as dúas premisas que configuran o común denominador dos tres grupos de estudo, sen excepción.

Aos rapaces máis novos gústalles o cine pero non acostuman a ir, debido fundamentalmente ao custo da entrada. Por isto, relegan a calidade visual a un segundo plano: unha minoría accede ás películas a través de vídeo clubs pero a meirande parte fano mediante descargas de internet; ferramenta que, por outra banda, tamén é usada moi frecuentemente para as descargas doutras actividades de entretemento como series de televisión, programas, xogos, música, etc. Cando se permiten acudir a unha sala de proxección acostuman a facelo en grupo, e sempre motivados por unha longametraxe de alta calidade ou popularidade.

Con todo, os universitarios profundan nas características da produción cinematográfica actual e critican o mundo seudo-real que se amosa a través dos *films*; unha distorsión que, segundo a súa opinión, prexudica aos máis novos posto que reciben información equívoca e deformada da realidade.

## **Teatro**

A relación da mocidade con esta actividade artística está moi relacionada coa variable do nivel de estudos. Así, para os máis novos a súa relación co teatro remóntase aos seus primeiros anos de escola, nos que era o propio colexio quen o familiarizaba con esta disciplina. Aínda que todos participaron nesa época escolar na interpretación dalgunha obra de teatro, agora non se senten especialmente atraídos por este, con contadas excepcións que si aprecian moito esta disciplina artística.

Entre os aspectos negativos que mencionan relacionados co teatro están, por unha banda, a asociación da imaxe do teatro con un público de máis idade. Unha vez máis, o alto prezo da entrada e a falta de información sobre a programación teatral nos concellos son a causa principal da escasa ou nula asistencia a este tipo de eventos. Esta opacidade informativa é especialmente criticada polas mulleres, para quen este é un dos motivos que frea a súa asistencia ao teatro, polo que reivindicán máis promoción e difusión das representacións teatrais.

Pola contra, a actitude dos universitarios ante o teatro difire dabondo respecto aos dous grupos anteriores. A todos lles gusta o teatro e cren que si hai suficiente oferta teatral e que si hai interese na xente nova polo teatro. Apuntan o interese que está a xurdir con variedades teatrais como os monólogos, un tipo de expresión que eles apoian xa que consideran que é unha opción menos complexa que a produción teatral, entretida, innovadora, máis económica e enmarcada nun espazo de máis preferencia para eles (bares e cafés).

## **Música**

Como xa mencionamos anteriormente, a música é un aspecto fundamental para o lecer da mocidade. Todos escoitan e a todos lles gusta a música, pero tamén observamos algunhas diferenzas xeracionais. Dous dos aspectos máis salientables da música son:

- A música é un xeito de vida que se pode relacionar coa tendencia na forma de vestir, afinidade grupal e identidade.
- Concíbena como un elemento identificador do colectivo que constitúe o criterio ou filtro que decide o lugar ou local onde estar cos amigos.

Respecto aos estilos musicais preferidos, difiren un pouco tendo en conta principalmente a variable da idade. Mentres que en xeral o pop-rock e estilos comerciais afíns son de preferencia xeneralizada, a medida que aumenta a idade van adquirindo gustos musicais máis definidos e sofisticados. Así, mentres que aos máis novos lles gusta sobre todo música da década dos 80-90 e música pop e en xeral non escoitan música clásica, os maiores escoitan xéneros musicais moi variados como rock, pop, rap ou metal melódico, jazz, blues ou folk. En xeral, agás contadas excepcións, non escoitan música clásica, porque o consideran un xénero en desuso na actualidade.

Internet é a forma case exclusiva de acceder ou escoitar a música, descargándoa sempre na súa casa e no seu tempo libre. Quizás un trazo distintivo da mocidade galega é que senten moi atraídos polas verbenas e festas populares tradicionais, sendo este o único

caso no que non inflúe o tipo de música que se escoite (o repertorio das orquestras van dende os estilos populares tradicionais a adaptacións de temas de éxito da temporada), nin a orquestra que a interpreta. Resulta tamén un punto de encontro e outro xeito de relacionarse coa xente. Os reprodutores musicais máis usados son o móbil, por riba do mp3, así como a radio, fundamentalmente aqueles que viaxan frecuentemente en coche.

Unha diferenza que podemos atopar tendo en conta a variable da idade refírese á asistencia a concertos de música ao vivo de grupos que lles interesan, ou novos grupos que xorden. Para os máis novos é unha posibilidade que practicamente non mencionan, mentres que, especialmente os estudantes universitarios, aínda que non son os únicos, si contemplan como actividade que lles gusta. O único impedimento que mencionan unha vez máis é o custo, xa que cando hai concertos de balde non dubidan en ir.

Por último, tamén houbo algunha mención á música como creación artística, xa que algún mozo afirmou que eran integrante dalgún grupo musical ou tocaba un instrumento.

## **Radio**

Os que máis radio escoitan son os mozos de 18 anos en adiante, e sintonízana sobre todo nos desprazamentos en coche. A idade é a variable influente neste hábito cultural, xa que estamos a falar sempre da xente nova cuxa idade comprende entre os 18 e os 25 anos, con independencia do sexo e dos estudos que cursen ou teñan cursado. Para este segmento de idade a radio constitúe un interesante medio de información e, sobre todo, unha fonte de entretemento. Ás veces, pero en menor medida, tamén escoitan a radio a través do ordenador.

## **Televisión**

Atopamos en xeral unha valoración moi negativa da televisión<sup>3</sup>. Mentres que para os máis novos trátase dun medio que non lles interesa en absoluto e que consideran nocivo para a convivencia familiar e motivo de illamento, os maiores afondan un pouco máis na análise da programación que ofrece hoxe este medio e conclúen que non se identifican con ningún programa televisivo que se está a emitir na actualidade, xa que consideran que tal e como está deseñada neste momento a programación televisiva, este medio non cumpre nin sequera a misión de informar, sendo Tele 5 o canal que recibe as críticas máis fortes. Só fan algunha excepción con algunha serie en concreto que lles pode interesar. Con todo, pensan que a televisión en si mesma non é un elemento negativo, senón un excelente medio desperdiciado polo mal uso que fan deste as produtoras.

## **Lectura**

Constatamos de novo unha diferenza xeracional que non ten por que resultar negativa, tal como comentamos anteriormente, debido ao acceso cada vez máis estendido da xeración máis nova a internet e ás novas tecnoloxías, que ocuparían hoxe o lugar que

ocupaba antes a lectura en papel, pese as diferenzas de xéneros textuais que hai entre estes soportes.

Así, salvo algunha excepción, a maioría dos estudantes de ESO e Bacharelato deste estudo non le libros, agás aqueles que son de lectura obrigatoria no colexio e así o veñen facendo dende que eran pequenos. Recoñecen que agora prefiren ocupar o seu tempo libre consultando e lendo en internet que facelo en papel. Con todo, si que len os xornais mercados polos seus pais ou locais de hostalaría. En cambio, mercan revistas especializadas en eidos que son do seu interese.

Para os maiores de 18 anos, o ordenador é a fonte de lectura ao igual que o grupo de Bacharelato ou ESO, relegando o uso do libro. A diferenza con respecto aos máis novos que valoran máis positivamente o feito de ler en papel porque lles resulta máis cómodo e séntense atraídos sobre todo pola narrativa e a novela. En canto ao acceso aos libros mencionan a biblioteca como un espazo para o estudo e para procurar libros de consulta que precisan para os estudos. En xeral, len todos os días o xornal.

### **Uso do ordenador e internet**

É a ferramenta de acceso á cultura, ocio e entretemento por excelencia de todos os grupos de estudo investigados neste traballo. Pódese constatar que salvo rarísimas excepcións, o acceso a internet revolucionou absolutamente os hábitos dos mozos actuais entre 16 e 26 anos, aínda que os maiores deste segmento de idade son máis críticos co uso abusivo do ordenador por parte dos máis novos.

Os estudantes de ESO ou Bacharelato usan o ordenador unha media de dúas horas diarias dependendo fundamentalmente das tarefas escolares e fano case sempre no seu fogar. Pensan que internet inflúe significativamente na forma de vida da xente nova e inquiétalles que a súa privacidade sexa quebrantada, temor que se acentúa no caso das mulleres ás que lles preocupa a posibilidade de veren vulnerada a súa intimidade e mesmo integridade na rede.

Todas as franxas de idade e tanto mulleres como homes son moi escépticos co tipo de amizade que poida xurdir a partir das redes sociais, conscientes de que nestas se agregan persoas que tan só se coñecen vía internet e coas que non se chega a ter na meirande parte dos casos ningún contacto persoal, en definitiva trátase, na maioría dos casos de relacións superficiais e ficticias. Resultan sorprendentes os casos de testemuñas entre os máis novos de “amigos” que solicitan agregarse e que despois nin sequera os saúdan pola rúa. Tamén mencionan que o uso das redes sociais é sobre todo unha moda, que se estende a todo o colectivo xente nova e recoñecen que é útil para citarse, publicar fotos ou facer circular avisos ao seu círculo.

### **Vídeoxogos**

O xénero é a variable que inflúe decisivamente no uso dos videoxogos. Son case exclusivamente os homes quen lles dedican parte do seu tempo de ocio (sábados ou domingos pola tarde, sobre todo, e case sempre en compañía de amigos). As mulleres consideran que non é un xeito atractivo de entretemento e mesmo critican os amigos polo tempo que lles ocupa. Con todo, coinciden tanto homes como mulleres en que o abuso dos videoxogos é prexudicial para a súa vida persoal e social, polo que apostan por usalos con moderación.



As vídeoconsolas máis usadas son a Play Station, Nintendo, PSP e Xbox e mencionan o incremento de xogos de apostas, nomeadamente póquer, e a diversificación dos tipos de xogos para atraer a máis público como rapazas e adultos de ambos sexos.

## **1. Conclusións**

1. A característica común a toda a mocidade é a dependencia absoluta das novas tecnoloxías á hora de acceder a contidos e actividades culturais.
2. Ademais do acceso a internet dispoñen de todo tipo de equipamentos das TIC, fundamentalmente móbil, ordenador que os empregan para escoitar música, baixar películas e música da internet, e menos MP3 e vídeo consolas.
3. Predomina a idea da “cultura gratuíta”, xa que consideran que en xeral as entradas para calquera evento cultural son caras e niso tamén inflúe o feito de que a música e o cine que lles gusta poden descargarlos de internet de forma gratuíta.
4. Valoran moito a cultura como forma de reunir e identificar a un colectivo, por exemplo o feito de ir a concertos e verbenas. Outra forma de reunirse cos amigos é vendo películas na casa.
5. Unha variable moi importante que hai que ter en conta á hora de analizar o acceso á cultura dos mozos en Galicia é o hábitat, xa que a oferta e as infraestruturas culturais difiren moito entre uns lugares e outros. En xeral, nas grandes cidades hai máis oferta cultural e infraestruturas que nas vilas pequenas o que incide nuns hábitos culturais máis sofisticados.